



CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

A Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada con data 21 de xuño de 2021 ditaminou favorablemente a Conta Xeral do Concello de Carballedo correspondente ao exercicio económico de 2020, o que faise público, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, advertíndo que durante o prazo de quince días, e oito mais, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunos.

Durante o antedito prazo poderá examinarse o expediente en horario de nove a dúas, de luns a venres, na Secretaría do Concello.

Carballedo, 22 de xuño de 2021.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1926

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 16/06/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a xuño 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes xuño 2021 terá lugar neste municipio dende o día 17 de xuño de 2021 ata o día 16 de agosto de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 17 de xuño de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1927

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 16/06/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio do 2021 terá lugar neste municipio dende o día 17 de xuño de 2021 ata o día 16 de agosto de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 17 de xuño de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1928

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 21/06/2021 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondentes o exercicio de 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra o meritado Padrón o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario, do Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondente o exercicio de 2021, terá lugar neste municipio, dende o día 23 de xuño de 2021 ata o día 23 de agosto de 2021.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas de período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 21 de xuño de 2021.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1929

A FONSGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE SEIS PEÓNS, DOUS PEÓNS-CONDUTORES, DOUS XEFES DE BRIGADA E TRES CONDUTORES DE MOTOBOMBA

Por Decreto de Alcaldía de data 25 de xuño de 2021 aprobáronse as bases para a creación de bolsas de emprego para contratación temporal de seis peóns, dous peóns condutores, dous xefes de brigada e tres condutores de motobomba, en virtude da Terceira Addenda ao Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Fonsagrada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

Tipo de contrato: Contrato laboral temporal

Duración: 3 meses

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 25 de xuño de 2021.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1936

GUNTÍN*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL MUTACIÓN DEMANIAL CENTRO SAÚDE GUNTÍN**

Aprobada inicialmente en sesión ordinaria do Pleno de data 24/06/2021, por unanimidade dos once membros que compoñen a Corporación, o expediente de Mutación Demanial do ben inmoble Centro de Salud de Guntín, ubicado en Estrada do Grupo Escolar, s/n, de Guntín e con referencia catastral 27023B502100580000WG a parcela e 000702000PH04H0001QJ a edificación, a favor do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, sen cambio de destino, procédese a anunciar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no tabolerio de edictos do Concello de Guntín, polo prazo de un mes en virtude do artigo 269.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e dos artigos 109 e 110 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións, considerárase aprobado definitivamente o expediente, ou, no seu caso, de ser presentadas, requirirase de novo acordo do Pleno para resolvelas e aprobar o expediente definitivamente.

Cando o acordo sexa definitivo, redactarase a correspondente acta subscrita por ambas administracións, e realizaranse cantas actuacións se precisen ante o Rexistro da Propiedade para proceder ao cambio da titularidade, rectificando o Inventario de Bens Municipais.

A tramitación do presente expediente de Mutación Demanial realízase, por parte desta entidade, de acordo co establecido para a cesión de bens no RBEL no que se refire ao contido do expediente.

A consecuencia do devandito expediente resultará ser o cambio de titularidade do Centro de Saúde sen perder a súa condición de ben de dominio público e manténdose o novo destino.

Guntín, 24 de xuño de 2021.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 1930

LUGO*Anuncio***DECRETO 5418/2021 DO 23/06/2021**

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de dúas prazas de Oficial Policía Local, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OPE 2016) e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xaneiro de 2019, adoptou, entre outros o acordo 9/35 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2016).

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 20 de febreiro de 2019, adoptou, entre outros o acordo 18/102 MODIFICACIÓN DO ACORDO 9/35 DE BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2016).

- Decreto número 19002411 DO 26/03/2019, resolveuse convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición para o acceso en propiedade a dúas prazas de Oficial da Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 84, de 11 de abril de 2019, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” número 186, de 1 de outubro de 2019.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 251, de 18 de outubro de 2019.

- Con data do 19 de decembro de 2019 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 7 de outubro de 2020, adoptou, entre outros o seguinte acordo 14/479 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO

PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 2 PRAZAS DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 16 de xuño de 2021, adoptou, entre outros o seguinte acordo 13/383 MODIFICACIÓN DO ACORDO 14/479 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 2 PRAZAS DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA.

- Proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 22 de xuño de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Segundo o disposto na Base 6.- LISTA DE ADMITIDOS, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS das bases específicas que rexen a convocatoria:

“Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e despois de comprobadas, o órgano competente ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador.

A resolución publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, e fixará o lugar e data de comezo das probas.

A orde de actuación das persoas aspirantes será determinado de acordo co establecido nas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria e tendo en conta que segundo o disposto na base 5.- **PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

“As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixíranse á Excm. Sra. Alcadesa e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo debidamente cubertas, durante o prazo de vinte días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de cada convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderán, así mesmo, remitirse na forma determinada na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A instancia acompañarase inescusablemente de:

- Fotocopia do DNI

- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa do cumprimento do requisito recollido no apartado b) da base 4ª.

- Relación dos méritos que aleguen, enumerados segundo o correspondente baremo. A devandita relación acompañarase ós documentos xustificativos dos méritos, orixinais ou fotocopias compulsadas.”

Tendo en conta a proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 22 de xuño de 2021 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19002411 DO 26/03/2019, mediante o sistema de concurso-oposición para o acceso en propiedade a dúas prazas de Oficial da Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
ABUIN ROUCO, MANUEL FERNANDO	***4188**
ARIAS FERRERIA, JAVIER	***3524**
CASTRO FIGUEIRAS, MIGUEL ANGEL	***0478**
CERDEIRA CANTEIRO, MANUEL	***1999**

ESTRAVIZ CASTRO, JOSÉ ANTONIO	***2564**
FERNANDEZ FERNANDEZ, JOSÉ MANUEL	***3701**
FERREIRO RODRIGUEZ, MANUEL	***0576**
LOPEZ PALACIOS, MARIA	***4184**
PERNAS FERNANDEZ, ANDRÉS	***1984**
ROZAS FERREIRO, CARLOS	***4475**
SANMIGUEL PRADO, JORGE	***7896**

EXCLUIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
IGLESIAS ROZAS, CARLOS	***1836**	Non aportar fotocopia do DNI
ILLANES RODRIGUEZ, MARCOS	***5064**	Non aportar fotocopia do DNI
LOPEZ ALVAREZ, JOSÉ MANUEL	***1998**	Non aportar relación dos méritos alegados.
MUÑOZ HERAS, ALBERTO	***7050**	Non aportar fotocopia do DNI
PRIETO DORADO, RUBÉN	***4128**	Non aportar fotocopia do DNI
PRIETO VEIGA, ADRIÁN	***4251**	Non aportar fotocopia do DNI

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 16 de xuño de 2021, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Oficial Policía Local; estará constituído do seguinte xeito:

Presidenta: D.^a Ana Rosa Pérez Quintana. Maxistrada da Audiencia Provincial de Lugo.

Suplente: D.^a Paula Ventosa Bermúdez. Maxistrada do Xulgado do Social Nº 4 de Lugo.

Vogais:

D. Germán Lago González. Inspector Xefe do Corpo da Policía Nacional (A1), Xefe da Comisaría do Distrito Norte da Coruña

Suplente: D. Ramón Santiago Arias. Inspector Xefe do Corpo da Policía Nacional (A1), Xefe de Brigada da Comisaría Local de Ferrol - Narón.

D.^a María José Rodríguez Sanjurjo. Inspectora do Corpo da Policía Local da Coruña (A2), actualmente no posto de Xefa do S.M.P.C da Coruña.

Suplente: D.^a Sonia Aparicio Vidales. Inspectora do Corpo da Policía Nacional (A1), Xefa da Brigada Provincial de Extranxería e Fronteiras da Comisaría Provincial de Lugo.

D. Javier García Amigo. Inspector Xefe (A1), Xefe Provincial da Policía Autonómica de Lugo (A1)

Suplente: D. Dositeo Carreira López. Inspector (A2), Xefe da Policía Local de Ribadeo (A2)

Secretario: Don Rafael José del Barrio Berbel. Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo (A1).

Suplente: D.^a María García Ferro. Vicesecretaria do Concello de Lugo (A1).

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

R. 1931

QUIROGA*Anuncio*

Aprobados polo Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria de data 25 de xuño de 2021, os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para o contrato de xestión do servizo público para a construción, xestión e explotación do cemiterio municipal de Quiroga, anúnciase a licitación para a presentación de propostas co seguinte detalle:

ANUNCIO DE LICITACIÓN

1. **Entidade adxudicataria:** Concello de Quiroga (Lugo)
2. **Obxecto do contrato:**
 - a. **Tipo:** Contrato mixto, de obras de xestión de servizo público en modalidade de concesión.
 - b. **Descrición:** “Xestión do servizo público para a construción, xestión e explotación do cemiterio municipal de Quiroga”.
3. **Tramitación e procedemento de adxudicación:**
 - a. **Tramitación:** Urgente.
 - b. **Procedemento:** Procedemento aberto urgente mediante pluralidade de criterios.
4. **Prazo de execución:** A totalidade da obra deberá estar finalizada antes de rematar a vixencia da presente concesión. Os prazos parciais de execución das obras será os que figuren no documento de formalización do contrato, e os que resulten dos programas de traballo anuais aprobados polo Concello.

A urbanización, cerramento, aseos e local de culto estarán rematados no prazo de doce (12) meses desde a formalización do contrato. As unidades de enterramento realizaranse durante a concesión do presente contrato, segundo demanda dos usuarios ou vontade do concesionario.
5. **Presuposto base de licitación:** O orzamento base de licitación ascende a cantidade de 374.257,58 €, sendo o importe do IVA de 78.594,09 € o que supón un importe de 452.851,67 €.
6. **Garantía provisional:** Non se esixe
7. **Garantía definitiva:** A súa contía será igual ao 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, IVA excluído.
8. **Obtención de documentación e información:** Na Páxina web do concello: <http://concellodequiroga.sedelectronica.es> (perfil do contratante) ou no Concello de Quiroga (Rúa Real, 52 - 27320Quiroga); Telf.- 982428001.
9. **Presentación das ofertas:**
 - a) **O prazo de presentación** de ofertas será de trece (13) días naturais, contados a partir do día seguinte ao anuncio de licitación no BOP de Lugo.
 - b) As proposición, xunto coa documentación preceptiva, presentarase, dentro do prazo sinalado no anuncio, no Rexistro Xeral do Concello de Quiroga, en horario de 9 a 13:30 horas.
10. **Gastos de anuncios:** O importe de todos os gastos de publicidade e outros da licitación serán de cargo do adxudicatario, sendo o máximo 1.000 euros.

Quiroga, 25 de xuño de 2021.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 1937

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CEMITERIO MUNICIPAL E OUTROS SERVIZOS FÚNEBRES**

Aprobada inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación de Servizos no Cemiterio Municipal e outros Servizos Fúnebres, por acordo do Pleno de data 25 de xuño de 2021, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas. Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

Quiroga, 25 de xuño de 2021.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 1938

O SAVIÑAO

Anuncio

BASES PARA A SELECCIÓN DE CINCO TRABALLADORES PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de O Saviñao para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa cofinanciada co Fondo Europea Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, dos seguintes traballadores:

- Xefe de brigada (1)
- Peón condutor con carné de conducir B (1)
- Peóns forestais (3)

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e o Pladiga.

Os traballadores realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: as brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios e o Plan de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da comunidade Autónoma de Galicia.
- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e menores os danos dos incendios, no caso de producirse estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando no sexa posible mecanizar estes traballos.
- Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, areas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fora tecnicamente posible, poderán quedar acordados.

2. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso - oposición.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos nesta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ser español ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos no artigo 57 do Real

Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

2. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, debendo superar unha proba física de esforzo e un recoñecemento médico, para garantir as condicións de saúde para o traballo a realizar.

3. Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

4. Titulación esixida:

4.1.- Para o posto de xefe de brigada, requírese estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Enxeñeiro de montes.
- Enxeñeiro técnico forestal.
- Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.
- Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, ou formación profesional equivalente.
- Estar en posesión do carné de conducir B.
- O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, –Celga3–, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba oral que se lle realizará o aspirante. Esta proba consistirá en manter unha conversa no idioma galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

4.2.- Para o posto de peón condutor:

- Certificado de graduado en ESO ou titulación equivalente.
- Estar en posesión do carné de conducir B.
- O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, –Celga 1–, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba oral que se lle realizará o aspirante. Esta proba consistirá en manter unha conversa no idioma galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

4.3.- Para os postos de peóns:

- Certificado de graduado en ESO ou titulación equivalente.
- O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, –Celga 1–, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba oral que se lle realizará o aspirante. Esta proba consistirá en manter unha conversa no idioma galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

5. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impido, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

6. Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

4. DURACIÓN DO CONTRATO.

A contratación farase polo prazo de tres meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado, consistindo este na prestación das tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais.

En virtude das atribucións conferidas polo artigo 31.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local correspóndelle ao Sr. Alcalde a competencia para a aprobación das bases das probas para a selección de persoal, ou ao órgano correspondente no caso de existencia de delegación de competencias.

Deste xeito, a relación laboral rexerase pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais.

5. RETRIBUCIÓN.

- Xefe de brigada: 1.159,08 euros/mes brutos, incluída a parte proporcional das pagas extra.
- Peón condutor: 1.108,33 euros/mes brutos, incluída a parte proporcional das pagas extra.
- Peón forestal: 1.108,33 euros/mes brutos, incluída a parte proporcional das pagas extra.

6. PARTICIPACIÓN E ACHEGA DE SOLICITUDES.

Considerando a inminencia da contratación realizarase publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como anuncio no taboleiro de edictos municipal e na sede electrónica do Concello de O Saviñao (<http://concellodosavinao.sedelectronica.gal>)

O prazo de presentación de instancias será de seis (6) días naturais, contados dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Coa solicitude deberase achegar:

No modelo que figura como Anexo I a estas bases, o aspirante fará constar que reúne os requisitos que se relacionan no artigo 3 e achegará á solicitude a documentación que consta nesta base:

- Copia cotexada da titulación esixida
- Copia cotexada do título de galego
- Copia cotexada do D.N.I.
- Copia cotexada do carné de conducir, de ser necesario.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral e contratos, certificados de empresa, cursos..) debidamente cotexada.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose sábado ou día inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de O Saviñao, ben manualmente nas oficinas do concello ou ben por sede electrónica, adxuntando documentación xustificativa dos méritos alegados.

7. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o concurso de méritos e oposición.

Na fase de concurso valorarse a experiencia profesional e a formación dos traballadores.

7.1 FASE DE CONCURSO:

A. Experiencia profesional: puntuación máxima: 2 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados noutras administración públicas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción.
3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

B. Formación: valorarase a formación nas materias propias do posto. Máximo: 2 puntos.

4. Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso.
5. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso.
6. Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

C) Entrevista: realizarase unha entrevista de carácter profesional, que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

7.2 FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá nunha proba escrita de coñecementos sobre as labores de actuación das brigadas de incendios na actuación e defensa contra incendios co fin de valorar a súa aptitude para as funcións do posto de traballo cunha valoración de 6 puntos, segundo temario que se une no Anexo III das bases.

Este exercizo será eliminatorio, será preciso acadar 3 puntos para superalo.

8. LISTAXE DE ADMITIDOS/EXCLUÍDOS.

Rematado o prazo dos 6 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, por Resolución de Alcaldía acordarase a aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de

exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na sede electrónica do concello (<http://concellodosavinao.sedelectronica.gal>).

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles, contado a partir do seguinte ao da publicación do acordo, para poder emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoo ou desestimándoo con publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

9. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía. Estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario/a ou persoal laboral.
- Secretaria: a secretaria do concello ou persoa en quen delegue.
- Vogais: funcionario/a do ou persoal laboral.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

Aos efectos de percepción de asistencias polo membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estarase á clasificación prevista no artigo 30.1 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

2. - Abstención e recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 de a Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

3. - Constitución e actuación.

Para a válida constitución e actuación do Tribunal cualificador, requirirase a presenza de mais da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, e sempre a do Presidente e a do Secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

4. - Vinculación das resolucións do tribunal.

O Presidente da Corporación resolverá segundo a proposta do tribunal, que terá carácter vinculante. De conformidade co artigo 61.8 do Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, no caso de producirse a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde- Presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.

10. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

A orde de clasificación definitiva de todos/as os/as aspirantes virá determinado pola suma das puntuación totais obtidas na fase de oposición e na fase de concurso.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta a puntuación en formación previa. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do tribunal e de incorporación ó servizo.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que praza convocadas.

Cos traballadores non seleccionados elaborase unha listaxe por orden de puntuación. No suposto de renuncia dalgún dos/as traballadores/as contratados/as con anterioridade á finalidade da obra, substituirase po outro/a traballador/a de similares características, segundo a listaxe elaborada cos traballadores non seleccionados. Seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e

cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2021.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello. O traballador seleccionado estará obrigado a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo. A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

Os aspirantes propostos chegarán ante a Administración, dentro do prazo de cinco días naturais dende a publicación da lista definitiva de aprobados, os seguintes documentos:

1. Fotocopia tarxeta da Seguridade Social
2. Certificado da conta bancaria.

11. RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Para todo o non previsto por estas Bases ou naquelo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, e demais normativa vixente en materia de selección do persoal ao servizo das Entidades Locais.

O Saviñao, 25 de xuño de 2021.- o Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA

“D./D^a.....,
con DNI núm., con domicilio a estes efectos en
.....,con número de teléfono.....
e dirección de correo electrónico, expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de O Saviñao para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza de:

- ☐ Xefe de brigada
- ☐ Peón condutor
- ☐ Peón forestal

(Indicar cun X a que corresponda)

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- ☐ Copia cotexada da titulación esixida.
- ☐ Copia cotexada do título de galego
- ☐ Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- ☐ Copia cotexada do carné de conducir.
- ☐ Declaración responsable
- ☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

En....., a de.....de 2021.

O/A Solicitante

Asdo.:.....”

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE O SAVIÑAO

ANEXO II
MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

“D./D^a.....,
con DNI núm., con domicilio a estes efectos en
.....,con número de teléfono.....
e dirección de correo electrónico

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:
convocada polo Concello de O Saviñao, e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impido, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

En....., a de.....de 2021.

O/A Solicitante

Asdo.:.....”

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE O SAVIÑAO

ANEXO III

TEMA 1. COMPORTAMENTO DO LUME: O INCENDIO FORESTAL.

- DEFINICIÓN DE INCENDIO FORESTAL.
- FORMAS DE PROPAGACIÓN DA CALOR NO MONTE.
- PARTES DUN INCENDIO.
- FORMA DOS INCENDIOS.
- TIPOS DE LUME.
- FACTORES QUE INFLÚEN NO COMPORTAMENTO DO LUME.

TEMA 2. EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

- ESTADOS DO INCENDIO.
- ORGANIZACIÓN PREVIA Ó COMBATE.
- COMBATE DO INCENDIO.
- TÉCNICAS DE EXTINCIÓN.
- ACCIÓNS TRALO INCENDIO: O RELEVO.

TEMA 3.SEGURIDADE PERSOAL.

- UNIFORME E EQUIPO DE PROTECCIÓN PERSOAL.
- PRECAUCIÓNS XERAIS.
- PRECAUCIÓNS NO USO DE FERRAMENTAS MANUAIS.
- PRECAUCIÓNS NO EMPREGO DE FERRAMENTAS A MOTOR DE VEHÍCULOS MOTOBOMBA DE MAQUINARIA PESADA , DE MEDIOS AÉREOS, E NO TRANSPORTE.
- PRECAUCIÓNS NOS CONTRALUMES.
- PRECAUCIÓNS Ó MANEXAR RETARDANTES.

TEMA 4.ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

- CONCEPTO, OBXECTIVOS E ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.
- EPOCAS DE PERIGO.
- ORGANISMOS QUE INTEVEÑEN E COORDINACIÓN ENTRE ELES.
- PROCEDEMENTO OPERATIVO.

TEMA 5.AS COMUNICACIÓNS NO DISPOSITIVO CONTRA INCENDIOS

- CANLES E EQUIPOS EMPREGADOS.
- NORMAS PARA O EMPREGO DA REDE DE TRANSMISIÓNS.

TEMA 6. O XEFE DE CUADRILLA

- FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES.
- A ORGANIZACIÓN DA CUADRILLA.
- ACTUACIÓN DO XEFE DE CUADRILLA DURANTE A PREVENCIÓN E NA EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

TEMA 7.PLADIGA

TEMA 8. PRIMEIROS AUXILIOS.

TEMA 9. LEI 3/2007 DO 9 DE ABRIL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA.

TEMA 10. COÑECEMENTOS SOBRE O TÉRMINO MUNICIPAL DO CONCELLO DO Saviño.

TABOADA*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL 2020**

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas con data 23 DE XUÑO DE 2021, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Taboada, 24 de xuño de 2021.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1932

TRABADA*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE TRABADA.**

O Pleno do Concello de Trabada, en sesión extraordinaria celebrada o día 16 de xuño de 2021, aprobou inicialmente a relación de postos de traballo do Concello de Trabada, nos termos en que consta redactada no expediente administrativo de referencia.

Por medio do presente anuncio ábrese un período de información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado o expediente completo nas dependencias municipais e aos efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións, suxestións ou alegacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra da relación do postos de traballo no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Trabada, 23 de xuño de 2021.- Sra. Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 1933

XOVE*Anuncio*

O Concello Pleno na súa sesión de data 21 de xuño de 2021 aprobou inicialmente a modificación do art. 13.3 da Ordenanza Municipal Reguladora da Limpeza, Salubridade e Ornato de Espacios Públicos no Concello de Xove.

Polo presente sometese dito acordo ao preceptivo trámite de Información Pública por prazo de trinta días a contar desde a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lembrase que no suposto de que no citado prazo non se presentaran alegación ou reclamacións a citada aprobación inicial entederáse elevada automaticamente a definitiva.

Xove a 24 de Xuño de 2021.-O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1934

COMUNIDADE DE REGANTES DO RIO MIÑO PEQUENO

Anuncio

Convocatoria a Junta General Extraordinaria

Se convoca JUNTA GENERAL EXTRAORDINARIA de la **Comunidad de Regantes del río Miño pequeño**, que tendrá lugar el **lunes día 19 de julio** del presente año 2021, a las **11:30** horas en primera convocatoria, y a las **12:00 horas** en segunda, en el local social sito en el lugar de As Paincegas, Muimenta, 27377 Cospeito Lugo. con el siguiente

ORDEN DEL DIA:

ÚNICO. Aprobación de los nuevos estatutos

Para el acceso a la Asamblea será preciso figurar en el censo de partícipes-propietarios de esta Comunidad, y acreditar su personalidad mediante la exhibición del DNI. Dicho censo podrá ser consultado hasta las 14 horas del día 16 de julio solicitando las rectificaciones que interesen, acreditando sus derechos.

Los derechos de asistencia y voto en la junta General serán ejercidos de modo personal por los partícipes de la Comunidad, salvo en el caso en que lo sean a través de representantes legales. Será suficiente para estos últimos con presentar la correspondiente autorización suscrita por el partícipe representado junto con una copia del D.N.I. de dicho representado u otro documento similar de identificación del mismo, además de acreditarse la identidad del representante mediante la exhibición de su D.N.I. o documento similar.

En el caso de comuneros que sean personas jurídicas, por ejemplo sociedades de cualquier tipo, los derechos de asistencia y voto será ejercido por la persona que ostente su representación legal, la cual deberá acreditarse mediante la correspondientes escritura pública original, o en su caso certificación original acreditativa de dicha representación expedida por el Secretario de la entidad, con el sello de la misma.

Lo que a sus efectos se hace público para general conocimiento.

Cospeito, 28 de junio de 2021.- EL PRESIDENTE DE LA COMUNIDAD, Javier Álvarez López.

R. 1935

FE DE ERRATA

Advertido erro no Boletín nº 144 de data 26 de xuño de 2021, no anuncio da EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, referente á conta xeral , na páxina 1 con núm. de rexistro R. 1914

Onde dí:

Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial e da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo.

Debe dicir:

Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo.